

CUADRANTE



CARTAS DEL ARCHIVO DE ANDRÉS DÍAZ DE RÁBAGO

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO (III)

*VALLE-INCLÁN, ENTRE A ESGRIMA E OS DESAFÍOS,
CON PONTANARI Ó FONDO*

*VALLE-INCLÁN FRENTE A SHAKESPEARE: UNA MIRADA DEL
TEATRO DE VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE SHAKESPEARE*

*LOS ECOS DEL HOMENAJE FRUSTRADO A VALLE-INCLÁN EN
LA PRENSA GALLEGA (1935-1936)*

*APORTACIONES AL ESTUDIO DE LA BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA
DE VALLE-INCLÁN (II)*

VALLE-INCLÁN Y CRISTOBAL COLÓN

Nº 15

Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa



CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

CARTAS DEL ARCHIVO DE ANDRÉS DÍAZ DE RÁBAGO

VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO (III)

*VALLE-INCLÁN, ENTRE A ESGRIMA E OS DESAFÍOS,
CON PONTANARI Ó FONDO*

*VALLE-INCLÁN FRENTE A SHAKESPEARE: UNA MIRADA DEL TEATRO DE
VALLE-INCLÁN A TRAVÉS DE SHAKESPEARE*

*LOS ECOS DEL HOMENAJE FRUSTRADO A VALLE-INCLÁN EN LA PRENSA
GALLEGA (1935-1936)*

*APORTACIONES AL ESTUDIO DE LA BIBLIOGRAFÍA PRIMARIA
DE VALLE-INCLÁN (II)*

VALLE-INCLÁN Y CRISTOBAL COLÓN

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA.
APARTADO DE CORREOS Nº 66
www.amigosdevalle.com
Decembro 2007

Director:
Gonzalo Allegue

Subdirector:
Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de redacción:
Víctor Viana

Consello de Redacción:
Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado
Sandra Domínguez Carreiro

Xestión e administración:
Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:
Nieves Loperena

Imprime:
Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións vertidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Juan Antonio Hormigón
*Cartas del archivo de Andrés
Díaz de Rábago* páx. 5

Francisco X. Charlín Pérez
*Vale-Inclán e o discurso histórico
murguiano (III)* páx. 13

Xoan Guitián e Ricardo Gurriarán
*Valle-Inclán, entre a esgrima e os desafíos,
con pontanari ó fondo* páx. 27

Juan Trouillhet
*Valle-Inclán frente a Shakespeare: una mira-
da del teatro de Valle-Inclán a través de
Shakespeare* páx. 42

Sandra Domínguez Carreiro
*Los ecos del homenaje frustrado a
Valle-Inclán en la prensa gallega
(1035-1936)* páx. 52

Antonio Espejo Trenas
*Aportaciones al estudio de la biografía pri-
maria de Valle-Inclán* páx. 79

Xosé Lois Vila Fariña
Valle-Inclán y Cristobal Colón páx. 92



Esta revista ha recibido una ayuda de la Dirección General del Libro Archivos y Bibliotecas para su difusión en bibliotecas, centros culturales y universidades de España, para la totalidad de los números editados en el año 2007

CEDRO

La Editorial a los efectos previstos en el artículo 32.1 párrafo segundo del vigente TRLPI, se opone expresamente a que cualquiera de las páginas de *Cuadrante* o partes de ella sean utilizada para la realización de resúmenes de prensa. Cualquier acto de explotación de la totalidad o parte de las páginas de *Cuadrante* precisará de la oportuna autorización que será concedida por CEDRO mediante licencia dentro de los límites establecidos en ella.



VALLE-INCLÁN E O DISCURSO HISTÓRICO MURGUIANO (III)

Francisco Xavier Charlín Pérez

Apresencia de “pedras célticas” como parte do decorado paisaxístico dos escenarios nos que transcórreren algunhas obras de tema galego de Valle-Inclán, cobra pleno sentido se tomamos como punto de partida dous aspectos relativos á biografía e á formación intelectual do escritor: as exploracións arqueolóxicas realizadas por seu pai, Ramón del Valle-Bermúdez, entre 1866 e 1868, nas terras arousás do Salnés e Barbanza, na procura de “monumentos célticos” dos que dar información a Murguía para a súa inclusión na *Historia de Galicia*, e a consideración na historiografía murguiana destes restos arqueolóxicos como síntomas do carácter céltico dun dos elementos constitutivos da identidade de Galicia, o seu territorio.

RAMÓN DEL VALLE-BERMÚDEZ NA XÉNESE DA *HISTORIA DE GALICIA*: O CONGRESO AGRÍCOLA GALLEGO E A ARQUEOLOXÍA

Do 23 ao 29 de xullo de 1864, Santiago de Compostela foi escenario dun “fito decisivo na configuración da sociedade galega decimonónica”.¹ Promovido pola “Sociedad Económica de Amigos del País”, o Congreso Agrícola Gallego reuniu no salón da biblioteca do desamortizado mosteiro beneditino de San Martiño Pinario² a 370 asistentes³ —máis de setecentos nalgunha sesión— entre os que se atopaban os “mellores xuristas, científicos e políticos da Galicia coetánea”, para someter a debate a situación da agricultura galega e a necesidade da súa reforma.⁴

Os congresistas —entre os que figuraban, o redactor de *La Opinión Pública*, Ramón del Valle e Francisco Peña, dous anos máis tarde

pai e avó respectivamente de Valle-Inclán— trataron algúns problemas relativos á organización do réxime da propiedade rural —reforma do sistema foral, lei hipotecaria— e á produción agraria —cultivos máis adecuados, rotación dos mesmos—, cuestións centrais para o desenvolvemento económico de Galicia naquela altura histórica en que se estaban producindo novidades como a constitución dun sistema bancario ou iniciativas moi importantes, “como a construción de camiños de ferro (Santiago-Carril é o mellor exemplo)”.⁵

Os resultados non foron, sen embargo, os esperados pola institución convocante. Ao igual que outras iniciativas de carácter progresista, a proposta de modificación do foro, que suporía «a disolución da clase fidalga e indirectamente da “economía de rendas”», (secundada por 58 votos, nos que aparece o de Ramón del Valle),⁶ foi rexeitada, na sesión

¹ (Villares, 1994).

² (Murguía, 1864).

³ (Álvarez Ruiz de Ojeda, 2000).

⁴ (Ibidem).

⁵ (Villares, 1994).

⁶ Así consta na relación de votos que aparece nas Actas do Congreso. (*Congreso Agrícola Gallego de 1864. Actas, discursos o sus extractos y demás documentos...*, 1865).

do 26 de xullo, polos partidarios de aprazar “la resolución definitiva del tema”, (é dicir, «de manter, no réxime foral e no demais, o “*statu quo*”, isto é, a non-resolución da “interinidade legal” na que estaban os foros desde mediados do século XVIII»)7 que sumaron 79 votos, un deles o de Francisco Peña.⁸

Ramón del Valle Bermúdez, residía por este tempo en Santiago, na parroquia de Santa Susana (Allegue G, 2000a). Nesta cidade, aparece, a partir de 1863, relacionado cos dous medios máis representativos da “modernidade” do século XIX: a prensa e o ferrocarril; De 1863 a 1865, oficia de redactor e articulista no xornal progresista *La Opinión Pública*. (Barreiro, L, 1890), (Valle-Inclán e Mato, 2000) e (Núñez X, 2000). Vinculado á Sociedad Económica de Amigos del País, participa nun dos proxectos máis importantes que impulsa esta entidade: a constitución, en 1863, da “Sociedad del Ferrocarril Compostelano de la Infanta Doña Isabel de Santiago de Compostela al puerto de Carril”, que iniciará a construción desta liña ferroviaria. Valle Bermúdez ocupa nesta sociedade o cargo de secretario e é asimismo propietario dun número importante de accións (Charlín F.X. e Menéndez A, 2000), mercadas probablemente con parte dos cinco mil reais obtidos nos anos 1856-8 coa venda de terras e foros, opción propia de quen aposta pola nova economía capitalista (Allegue G, 2000b).

Isto dá sentido ao voto contrario á permanencia do réxime foral que emite nesta asemblea e redondea o seu perfil liberal-progresista. Tamén votaron a favor desta proposta, provincialistas progresistas como Murguía, liberais como Montero Ríos, ou Sánchez Villamarín e Ignacio Vilardebó, membros da Sociedad Económica e, como el, redactores do xornal *La Opinión Pública* vencellados ao Ferrocarril Compostelano.

⁷ (Villares, 1994)

⁸ Francisco Peña Cardecid (1809-1882), acudía a esta convención desde Vilanova de Arousa na dobre condición de propietario agrario e político municipal. Procedía dunha familia de tradición curial: seu pai fora o escribán real José Manuel de la Peña Oña e súa nai, Serapia Fernández Cardecid, era filla do xuíz xurisdiccional de Cambados, Francisco Fernández Cardecid y Sotomayor (Allegue G, 2003).

Entre 1843 e 1845, adquiriu na venda de bens nacionais procedentes da Desamortización, numerosos foros pertencentes ao extinto Priorato de Cálago (Vilanova de Arousa) que o convertiron nun importante rendista, o que explica a súa renuencia á modificación do sistema foral neste Congreso. A súa carreira política comezou algo antes, en 1839, como rexedor (concelleiro) no Concello constitucional de Vilanova de Arousa. Afín ao conservadurismo liberal, foi o alcalde por antonomasia desta vila no reinado isabelino. Desde o 4 de xaneiro de 1842, data do seu primeiro nomeamento, ao mesmo día e mes de 1872 en que cesa por derradeira vez, ocupou este cargo un total de 21 anos distribuídos en seis períodos: 1842-1843, 1844-1852, 1853-1854, 1856-1857, 1858-1866 e 1870-1872. Ver: (Vila Fariña, X.L.: 2005).

Con todo, o balanço final desta reunión agraria na que as dúas ramas familiares do autor das *Sonatas* tanto diverxeron, non foi completamente negativo para unha institución como a Sociedad Económica, impulsora da modernidade económica e caracterizada nestes anos por un liberalismo progresista cada vez máis influído cultural e ideolóxicamente pola corrente provincialista.⁹

Seguindo as tendencias do liberalismo europeo occidental que promovera na primeira metade do século XIX a redacción de diversas historias nacionais,¹⁰ os convocados acordaron apoiar a publicación dunha Historia de Galicia que viña proxectando o publicista e escritor Manuel Murguía, tamén presente na asemblea. Deste modo, foi aprobada, na sesión do día vinteseite, unha proposta presentada por varios asinantes, —progresistas na súa maior parte—¹¹ que “consideraban que a rexeneración de Galicia, ademais de tender camiños de ferro ou redimir os foros, pasaba por unha recuperación da súa historia e da súa cultura”,¹² dada a “circunstancia de hallarse” (aquela) “consignada en innumerables documentos desparramados sin formar cuerpo de doctrina”.¹³

⁹ Na fase isabelina da segunda xeración do provincialismo “non cómpre falar de movemento no senso político propio, xa que o provincialismo non ten unha mínima coordinación organizativa e, polo tanto, xamais actúa politicamente como tal. Trátase simplemente dunha corrente de opinión entre as élites dirixentes e/ou intelectuais do progresismo (...) A súa existencia límitase, pois, á teoría, a práctica cultural e á publicística” das que emanan os tres fenómenos que lle confiren entidade: o rexurdimento literario (1863), a consolidación dunha historiografía galeguista (1866) e o desenvolvemento teórico-ideolóxico. O que non excluía “que os provincialistas participasen politicamente en agrupacións ou partidos de ámbito español, xeralmente vencelladas á esquerda do liberalismo (Murguía, Aguirre e Pondal no progresismo, Chao no democratismo, etc.)” (Beramendi e Nuñez Seixas: 1995).

¹⁰ Ver: (Villares: 2000).

¹¹ El Conde de San Juan (Vicente Calderón), Antonio Casares, Justo Pelayo Cuesta, Leoncio Perejón, Vicente Martínez de la Riva, Gregorio Iglesias, Eugenio Montero Ríos, Juan M. Paz e Narciso Vila. (*Congreso...* 1865:207-208)

¹² (Villares: 2000)

Así, tras ser “Reconocida por todos los amantes de Galicia la absoluta necesidad de escribir la esclarecida historia de este antiguo Reyno” e “en consideración a las relevantes cualidades de un hijo del país, cuyos notables trabajos históricos y bibliográficos han merecido recientemente el aprecio general y honrosas distinciones por parte de la Academia de la Historia y de la Dirección general de Instrucción pública”, acordábase a “conveniencia de escribir la historia de Galicia”¹⁴ e especificábase que, para “el desempeño” de “dicho trabajo literario” se proponía “al distinguido literato D. Manuel Murguía”.¹⁵

Murguía, que levaba catorce anos recolectando “apuntaciones” para publicarlas algún día como Historia de Galicia¹⁶ e que desde o seu regreso de Madrid en 1858 xa se viña “consolidando no panorama cultural de Galicia como o historiador por excelencia”,¹⁷ afánase a partir dese momento no acopio de datos que apuntalen a redacción final do tex-

¹³ (*Congreso...*, 1865).

¹⁴ “A obra historiográfica de Murguía é concibida, pois, nun contexto histórico de grande actividade cultural, pero tamén de “provincialización” do progresismo político e de mitificación de acontecementos anteriores”, “A urxencia de escribir unha historia de Galicia estaba no ambiente cultural e político da época, dado que tanto Murguía como Benito Vicetto e mesmo Barros Silvelo tiñan concibido o proxecto de redactar unha historia xeral de Galicia polas mesmas datas.” (Villares: 2000)

¹⁵ O Congreso acordaba “Dirixirse a las Diputaciones provinciales para que se sirvan subvencionar dicho trabajo literario con la suma anual de 4000 rs. cada una durante seis años”. Pola súa parte, Murguía “deberá comenzar la publicación de la Historia de Galicia en el año segundo, a contar desde la fecha en que las Diputaciones adopten el acuerdo mencionado”.

¹⁶ Ver o artigo: “De la historia de Galicia”, *La Oliva*, 57, 16-8-1856. Reproducido en (Durán: 1998).

¹⁷ “...por riba de coetáneos seus tan brillantes como Benito Vicetto, xornalista e romancista de éxito, e con maior eco social que autores algo mais novos, como Villaamil y Castro, moito máis debruzado na erudición e na historia da arte.” (Villares: 2000).

to. Positivista convencido de que a historia debía ser construída a partir da exploración arqueolóxica e do documento histórico, compromete varios informantes, repartidos por distintos lugares, para que lle trasladen noticias de xacementos arqueolóxicos, ruínas medievais, diplomas e manuscritos, pero tamén de lendas e tradicións orais.¹⁸

Un destes correspondentes é Ramón del Valle Bermúdez, a quen coñece en 1863 “con ocasión dunha recomendación para empregar no proxectado ferrocarril [Compostelano] ó seu amigo Ramón Segade Campoamor”¹⁹ e co que comparte o ideario do provincialismo liberal-progresista dominante na “Sociedad Económica de Amigos del País” de Santiago. Inician deste modo unha relación de amizade que continuará ata a morte de Ramón del Valle en 1890.

Valle Bermúdez, despois de casar (1865) en segundas nupcias con Dolores Peña Montenegro, remata por abandonar as actividades que exercía en Santiago —redactor do xornal *La Opinión Pública* e secretario do Ferrocarril Compostelano— e, tras detentar acta de concelleiro na Pobra do Caramiñal, regresa, pasado o verán de 1866, a Vilanova de Arousa, onde a súa muller espera o segundo fillo, Valle-Inclán, “para instalarse allí definitivamente”.²⁰

Neste momento establece con Murguía unha relación epistolar erudita²¹ na que o infor-

¹⁸ (Axeitos: 2001).

¹⁹ *Ibidem*.

²⁰ Ver: (Allegue: 2000 e 2001).

²¹ Iníciase en marzo de 1866 e conclúe en novembro de 1868. Consérvanse, depositadas na Real Academia Galega, un total de 23 cartas (3 sen data) de Valle Bermúdez a Murguía. As sete primeiras, todas de 1866 (10-III, 25-VIII, 7-IX, 18-IX, 22-IX, 29-IX, 16-IX), están asinadas na Pobra do Caramiñal; das 14 restantes que levan data, 12 foron redactadas en Vilanova (29-XI, 29-XII) de 1866; (10-I, 19-I, 26-I, 28-I, 4-V) de 1867; (24-I, 18-IV, 2-VIII, 24-VIII, 21-IX) de 1868- e unha de 9-II-1867 en A Pobra. Foron publicadas en (Valle-Inclán y Bermúdez e Valle-Inclán y Peña, 2000) e (Axeitos, 2001).

ma dos resultados das exploracións arqueolóxicas que, con destino á *Historia de Galicia*, realiza nas comarcas do Salnés e Barbanza, nas dúas beiras da Ría de Arousa.

PIONEIROS DA ARQUEOLOXÍA GALEGA

A vastísima erudición de Murguía, que incluía o coñecemento e manexo da “bibliografía galega e peninsular anterior ao século XIX e a producida durante o seu século, pero tamén a literatura histórica, arqueolóxica e antropolóxica publicada na Europa do momento” así como a súa concepción do labor do historiador baseada no documento histórico e na exploración dos restos arqueolóxicos, determinou que fose “un verdadeiro entusiasta da arqueoloxía”, algo que “resulta absolutamente singular no contexto da Galicia do seu tempo”.²²

O valor dado por el á exploración arqueolóxica fai que se lamente “da deplorable destrución do patrimonio”, moi en concreto dos monumentos megalíticos, vítimas da extensión da agricultura pero, sobre todo, da indiferencia pública:²³

Se hace necesario que las autoridades superiores de las cuatro provincias declaren monumentos nacionales tanto las mámoas como los castros y demás monumentos célticos, para salvarlos de su completa ruina, haciendo responsables a los alcaldes de los atentados que contra ellos se cometen diariamente.

(*Historia de Galicia*, Tomo I, pax. 512)

²² (Martínón-Torres: 2000); Para este historiador, “A contribución de Manuel Murguía ó desenvolvemento da arqueoloxía en Galicia ten un valor inestimable”. Así, “Moitos dos posicionamentos actuais ante o patrimonio arqueolóxico, moitas interpretacións da cultura material, moitos achados tidos por novos e neste século, parten das lúcidas obsevacións deste autor”.

²³ *Ibidem*.

Para Martínón-Torres, “Murguía supón un salto revolucionario sobre os investigadores galegos anteriores” pois “a partir del, os traballos dos arqueólogos galegos comezarán a achegarse ó nivel dos realizados fóra das nosas fronteiras”.²⁴ Isto é debido a que se sitúa no “paradigma de investigación arqueolóxica aceptado comunmente na Europa da segunda metade do século XIX”, é dicir, no da arqueoloxía tradicional europea que ten como unha das súas orientacións básicas o estudo da forma, da que extrae pormenorizadas descripcións e complexas clasificacións tipolóxicas.

Será nos monumentos megalíticos, aos que considera célticos,²⁵ onde se centren “a meirande parte das reflexións murguianas de carácter arqueolóxico”. O seu celtismo, “sustento da proxección política da súa obra” vai no levar a “buscar na arqueoloxía unha nova vía para procurar probas coas que reforzar as súas teses”.²⁶ Así, a existencia de numerosos dolmens e demais “monumentos célticos”²⁷ proba, ao lado da toponimia da mesma orixe, o carácter céltico do territorio, un dos elementos constitutivos da identidade galega.

En total sintonía con Murguía, con cuxo labor investigador está “de cheo identificado”,²⁸ Ramón del Valle Bermúdez, como aquel “convencido de que a diferenciación de Galicia viña por vía céltica”²⁹ e da importancia das excavacións arqueolóxicas, posto que daban “luz al historiador para penetrar en las

²⁴ *Ibidem*.

²⁵ De feito, na primeira edición da *Historia de Galicia* —a que leu Valle-Inclán— (1865), non fala aínda de “monumentos megalíticos”, senón que os denomina “monumentos célticos”.

²⁶ “En todo caso —continúa Martínón-Torres (2000)—, a intencionalidade política de fondo non impedirá que Murguía faga, nos máis dos casos, un axeitado emprego desta disciplina, e que, como veremos, a arqueoloxía galega dea con el un salto cualitativo extraordinario”.

²⁷ Aos que clasifica en: Menhires; aliñamentos e círculos druídicos ou cromlchs (sic); túmulos, mámoas ou medorras; altas naturais; pedras abaladoiras. Ver: (Martínón-Torres: 2000).

²⁸ (Axeitos: 2001).

²⁹ *Ibidem*.

tinieblas del pasado”³⁰, remítelle por carta — ás veces acompañados de debuxos e croquis—³¹ os datos obtidos tras observacións realizadas en excursións á Serra do Barbanza, ao Monte de Lobeira ou á Lanzada, ás que mesmo acudía “con el auxilio de un antejo”³² ou dunha “brújula para no perderse”.³³

Nas mesmas, refire, entre outros, o descubrimento do dolmen de Axeitos, cuxa forma describe polo miúdo:

he tenido el gusto de hallar un dolmen perfectamente conservado. Está situado a la falda de una colina y muy inmediato al lugar de Axeitos (...) Su figura es circular y forman sus paredes siete piedras que lo cierran por todas partes, dejando tan solo por el oriente el vano de una puerta por donde entrar una persona comodamente. Sobre tres puntos de apoyo, que son las tres piedras principales colocadas al norte, al sur y al oeste respectivamente, descansa la que sirve de cubierta, la cual tiene de largo de norte a sur 19 cuartas, 54 de circunferencia, cuarta y media de espesor en la parte más gruesa y poco más de una cuarta en la más delgada. La altura del dolmen desde la bóveda al suelo es de 10 cuartas.

(Carta de 7 de setembro de 1866)³⁴

Tamén dá noticia do achádego de “hiladas de piedras célticas” na Serra do Barbanza³⁵ ou

³⁰ Carta de 22 de setembro de 1866. En (Valle-Inclán y Bermúdez e Valle-Inclán y Peña: 2000). Para Murguía “cuando se interroga los muchos y desconocidos monumentos y se busque bajo la tierra los tesoros que respecto a nuestras muchas antigüedades todavía oculta, entonces será cuando pueda el historiador arrojar una mirada investigadora sobre el pasado” (*Historia de Galicia*, Tomo I, pax 409).

³¹ “porque siendo el terreno en que tenía que operar pantanoso, si había de hacer un reconocimiento algo concienzudo como era indispensable para levantar el croquis que U. deseaba”. Carta de 29 de setembro de 1866. (Axeitos: 2001).

³² Carta de 19 de xaneiro de 1867. *Ibidem*.

³³ Carta de 7 de setembro de 1866. *Ibidem*.

³⁴ *Ibidem*.

³⁵ Carta de 22 de setembro de 1866. (Valle-Inclán y Bermúdez e Valle-Inclán de la Peña: 2000).

dunhas “piedras formando círculos concéntricos” que atopa nas inmediacións do Monte de Lobeira (Vilanova de Arousa), despois de ter “recorrido hace pocos días aquellas inmediaciones buscando monumentos célticos de que dar a Usted noticia”.

(...) Alrededor de este montecito que tendrá las dimensiones de las mámoas, hay, como llevo dicho, varias piedras formando círculo, clavadas unas y otras acostadas, y en la cumbre un número considerable de peñascos, que supongo no tengan importancia, a excepción de una gran piedra que me ha llamado la atención. Es por el estilo de las tapas de los dólmenes pero mucho más gruesa, y está tendida formando una especie de altar cuya colocación indudablemente no es casual, pues con el fin de que estuviere perfectamente horizontal y para evitar la inclinación que habría de tener acostada sobre el suelo, descansa sobre un pequeño muro que debió haber sido hecho previamente para el objeto. No doy a U. más pormenores porque no he tenido tiempo para explorar bien aquel terreno y pienso volver allí con este objeto y con el de tomar las dimensiones de los menhires.³⁶

Murguía utilizará esta información e incluírá en varios apartados da *Historia de Galicia* e do libro *Galicia*, varios datos e apreciacións procedentes das cartas de Ramón del Valle,³⁷ tanto referíndose a el sen mencionalo, como dando o nome do seu correspondente:

El monte Barbanza, que podemos muy bien llamar el Olimpo céltico de Galicia, debe, en nuestra opinión, encerrar algunos monumentos de esta clase. El grupo de menhires que existen cerca de la Puebla, se ve a la falda de un montecito, derivación de aquella cordillera. La

³⁶ Carta de 16 de novembro de 1866. (Axeitos: 2001). Este círculo lítico foi redescuberto no outono de 2006. Ver: “Descubren en Vilanova de Arousa el segundo círculo lítico de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 30-IX-2006, pax 47.

³⁷ É posible localizar nun total de 26 apartados da *Historia de Galicia* e de *Galicia*, informacións claramente procedentes de Ramón del Valle Bermúdez.

región marítima de la ría de Arosa, presenta varios monumentos megalíticos, y según persona inteligente en esta clase de estudios, no solo se ven menhires en el monte Lobeira (Villagarcía), sino que desde esta villa a Cambados se encuentran curiosos alineamientos. De esta clase de monumentos, habitaciones ciclópeas, verdaderos dólmenes, piedras vacilantes, etc, poseemos bastantes indicaciones; más no habiendo podido visitarlos...

Persona competente nos ha asegurado que se ve una habitación ciclópea en la cumbre del citado monte de Lobeira.

(*Historia de Galicia*, pax. 585-586)

Finalmente, nuestro querido amigo D. Ramón Valle (de la Puebla), persona a quien debemos las más curiosas noticias, respecto del país en que reside, nos dice en su carta de 24 de mayo de 1867: “Cavando unos paisanos en la parroquia de Oleiros, con el objeto de buscar un tesoro, hallaron en una mámoa...

(*Historia de Galicia*, pax. 602-603)

Exploró este yacimiento con la brevedad y apresuramiento que permitían las circunstancias, nuestro querido amigo el Sr D. Ramón del Valle, quien tuvo la pena de no poder salvarle de una completa destrucción a pesar de haber dado el alerta en su periódico La Voz de Arosa...

(*Galicia*, pax. 32)

Ademais das informacións sobre os “monumentos célticos”, Ramón del Valle Bermúdez tamén dá noticia detallada a Murguía da forma, estado de conservación, situación e posible orixe constructiva das ruínas das torres-fortaleza e castelos que defendían a Ría de Arousa, corredor marítimo que conducía á cidade de Santiago de Compostela.

A súa entrega a este labor explorador era tal que nunha carta escrita en Vilanova de Arousa o 28 de xaneiro de 1867 pide disculpas polo retraso da información, motivado

por ter a súa “esposa enferma desde hace tres meses y que ya soy su enfermero”,³⁸ e engade: “Sin esta contrariedad no hubiese quedado un palmo de terreno en el litoral de esta ría que yo no recorriese”.

Nun total de oito cartas,³⁹ remíte a Murguía descripcións pormenorizadas das torres da Lanzada, de Santo Tomé de Cambados e de Miadelo, en Carril:

Villanueva, 28 de enero de 1867.

Mi querido amigo: dije en mi anterior que hablaría a U. de la distinta opinión que tengo ahora respecto a la figura de las torres y, efectivamente, un nuevo examen de la de Cambados al ir a ver la de la Lanzada y la vista de esta me hacen presumir que debían rematar en forma de pirámide...

(...) De la torre que había entre Bamio y Carril, que se llama torre de Miadelo, solo queda actualmente en pie un lienzo de pared y los cimientos de las demás. Ha sido cuadrada y paralela por la parte del norte separada 9 pies, hubo otra de las mismas dimensiones al parecer, de la que no quedan más vestigios que algunas piedras amontonadas y parte de los cimientos.

Tamén fai conxecturas de como puido ser o castelo de Lobeira, á vista das súas ruínas:

Villanueva, 19 de enero de 1867.

(...) Respecto al edificio de que ya quedan pocos restos en Lobeira no se como hacer a U. una descripción que le permita formar alguna idea de lo que es. Examinando la cima de aquel monte con algún detenimiento se ve, por algunos vestigios de muralla que se hallan en diferentes sitios, que el edificio que la ha coronado debió haber tenido una extensión algo considerable. La torre propiamente dicha, que ocupaba la parte más culminante y

³⁸ A causa do difícil parto do 28 de outubro de 1866, do que nace Valle-Inclán.

³⁹ (Valle-Inclán y Bermúdez e Valle-Inclán Peña: 2000) e (Axeitos: 2001).

donde se conservan los principales restos de pared los cuales sólo se pueden examinar desde abajo, pues arriba todo está raso con el suelo, estaba cimentada sobre grandes moles de granito, de las muchas que allí abundan, y tenía de largo 50 pies y 40 de ancho...

(...) Esto es cuanto he podido sacar en limpio de mi excursión a Lobeira en donde me he detenido más de dos horas no obstante lo riguroso del día, lo que sin embargo no he sentido, ya por el gusto que tengo en complacer a U., ya por haber disfrutado de aquel punto de vista que debe ser sin duda alguna uno de los más bellos del mundo.

Murguía utiliza asimesmo estas informaciones⁴⁰ cando no cuarto tomo da *Historia de Galicia*, (1891) se ocupa do establecimiento de colonias de comerciantes fenicios en varios puntos do litoral —sobre todo nas rías de Arousa e da Coruña— e dos faros e torres que erguen para facilitar a navegación, construcións restauradas e reutilizadas no Medievo con finalidade defensiva.

(...) sirviendo en los siglos medios, a la vez que de faros, cuya luz guiaba al navegante que se internaba en la ría de Arosa, de atalayas en que se encendían los fuegos que anunciaban la proximidad de las naves enemigas, sufrieron sus restauraciones en diversas épocas, y así se ve que entre las denominadas “Las siete hermanas”,⁴¹ las hay como la de la Lanzada, que se cree la primitiva y fenicia, la de Santo Tomás, que puede tenerse por románica, la de Lobeira, la de Miadelo, evidentemente del siglo XIII o XIV, y las de Oeste, cuya reparación se refiere al siglo XII (...)



Valle-Inclán no dolmen de Axeitos en Oleiros-Riveira

Si no de tan difícil clasificación como la de Santo Tomás, al menos con graves inconvenientes para ello, se presenta la torre de Lobeira, deshecha ya, gracias a la punible incuria con que en nuestro país se miran estas cosas. Levantábase en la cumbre del monte, del cual recibió el nombre, y desde ella se disfrutaba de una de las más bellas vistas que ofrece el país, bastando saber que la ría de Arosa y todas las pintorescas comarcas que se extienden al pié, se divisan y registran desde aquella altura. Hace pocos años existían en pié parte de los lienzos que la formaban, al presente solo se ven algunas hiladas de piedras labradas, que descansan sobre grandes masas de granito, dispuestas de manera que permitiesen formar habitaciones, que bien podemos llamar ciclópeas.

(*Historia de Galicia*, Tomo IV, pax. 106-107 e 117-118)

En ocasiones, mesmo reproduce de modo case literal a información que lle fornece:

[A torre da Lanzada] No es redonda como yo había creído, sino que al parecer debió haber formado un cuadrilongo. Es mucho más tosca [que a de Santo Tomás de Cambados] y sus paredes no fueron formadas de piedras labradas perfectamente como las de aquella, sino de pedruscos de todos los tamaños (...). En su construcción no se nota otro artificio que haber sido colocadas las piedras (...) unas sobre otras intermedias de gruesas capas de cemento...

(Carta de Ramón de Valle a Murguía, 26 de xaneiro de 1867)⁴²

La torre de la Lanzada, que debió tener la forma de un cuadrilongo, está formada con piedras irregulares dispuestas en hilera y co-

⁴⁰ No tomo IV da *Historia de Galicia* (pax. 104-128).

⁴¹ Cursiva no orixinal.

⁴² En (Axeitos: 2001).

locadas sobre un lecho de cemento com-
puesto, con cal, arena y conchas.

(*Historia de Galicia*, pax. 114)

O pai de Valle-Inclán, Ramón del Valle Bermúdez contribuíu, por tanto, de forma dobre á aparición da *Historia de Galicia* de Murguía: apoiando a súa publicación co seu voto favorable no Congreso Agrícola Gallego de 1864 e explorando, entre 1866 e 1868, a Serra do Barbanza e as terras do Salnés na procura de “monumentos célticos” e ruínas de torres e castelos dos que dar noticia ao precursor da arqueoloxía galega, o que, en certo modo, o convertiu tamén a el, en pioneiro desta clase de traballos en Galicia.

Os tres primeiros volumes da *Historia de Galicia* (1865, 1866 e 1888) e o libro *Galicia*, uniron, por tanto, á súa importancia xeral para o público galego, a particular de reproducir informacións e mencións directas a Ramón del Valle Bermúdez. Por iso, deberon ocupar un lugar preferente na biblioteca da vilanovesa casa do Cantillo, o domicilio familiar de Valle-Inclán (1866-1890) na súa infancia e xuventude.⁴³ Como sabemos, foron lidos polo futuro escritor con especial interés.⁴⁴

A DEFINICIÓN DO TERRITORIO: PEDRAS CÉLTICAS E RUINAS DE CASTELOS

Para Murguía, os monumentos megalíticos, cuxa construción atribúe aos celtas, e os topónimos desta orixe, proban o carácter céltico do territorio, un dos elementos que constitúen a identidade de Galicia.⁴⁵

⁴³ (Allegue: 2000a e 2000b).

⁴⁴ Recordemos a carta que en 1893 escribe desde México a Murguía.

⁴⁵ (Máiz: 1984 pax. 247-248).

(...) el celta a quien debemos aquí todo lo que fué y nos es privativo en la antigüedad y actualmente, lo ocupaba [o territorio] tan por extenso y tan por entero, como hace presumir la profusión de monumentos megalíticos que poseemos y la muchedumbre de nombres de localidad, pertenecientes a la lengua céltica y parecidos, cuando no iguales, a los demás del resto de Europa.

(*Historia de Galicia*, Tomo I pax. 453)

¿Quiénes los levantaron en Galicia? fué el hombre lacustre, fué el celta? En este caso concreto, la respuesta no es tan difícil, si se tiene en cuenta que entre nosotros la edad de piedra es casi tan céltica como la de bronce (...) puede tenérselos como fruto legítimo de la civilización céltica. (...) En Galicia, al menos, no hay dato alguno que autorice a negarles semejante origen. Abundan en cambio los contrarios y que permiten asegurar que bajo las toscas piedras de la mayoría de nuestros dólmenes y al abrigo de la tierra que los cubre, descansa con preferencia la gente céltico-galega. Estas solitarias moradas de la muerte, ellos las levantaron desde su arribada a nuestro país, levantáronlas después y durante siglos bajo el poder de Roma y al mismo tiempo que los suevos. Son pura cosa suya.

(*Galicia*, 1888, pax. 94-95)

Sinala tamén que, entre os “monumentos célticos”, os máis numerosos e representativos da paisaxe galega son as mámoas, tamén chamadas arcas ou dolmens, abundantes sobre todo en zonas montañosas, como a da Serra do Barbanza.⁴⁶

⁴⁶ “El monte Barbanza, que podemos muy bien llamar el Olimpo céltico de Galicia” (*Historia de Galicia*, pax. 585).

“No solo los dólmenes indicados, sino todos cuantos se hallan a lo largo de la costa que ciñe la dilatada ría de Arosa, nos dan en la numerosa población lacustre que se asentó sobre aquellas aguas, gente superior a la anaraniana, pues según todas las probabilidades usó el dolmen, y con este entró en Galicia la civilización” (*Galicia*, pax. 101).

Los dólmenes y los grandes bloques erráticos o no, estos últimos considerados como altares naturales y como rocas vacilantes, se hallan en tal número, que puede decirse que constituyen de por sí solos la mayoría de nuestros monumentos megalíticos.

(*Galicia*, pax. 70)

Apenas hay campo inculto en Galicia en donde los ojos acostumbrados no perciban al momento la grande o pequeña mámoa. Muchas veces en medio de los sembrados, un espacio más o menos extenso que queda sin cultivar, y en el centro se distingue una gran piedra, dice al curioso que allí se conserva una mámoa que todavía no ha sido registrada (...) en fin, sin orden, sin concierto, se ven esparcidos por todo el suelo de Galicia, en especial, en las comarcas montañosas.

(*Historia de Galicia*, Tomo I, pax. 603-604)

Á orixe céltica e preferente ubicación montañosas, Murguía engade outras características relativas ás funcións que el atribúe a estes monumentos, como son o seu destino funerario, baixo as toscas pedras de la mayoría de nuestros dólmenes y al abrigo de la tierra que los cubre, descansa con preferencia la gente céltico-gallega

(*Galicia*, pax. 94-95)

La población de Galicia debió ser en la época céltica, tan numerosa como actualmente. Para pensarlo así basta ver el sinnúmero de mámoas que aún hoy existen —sepulturas de jefes ó personajes importantes— y la multitud de castros que por donde quiera que se vaya, levantan su pesada mole...

(*Historia de Galicia*, Tomo I, pax. 509)

ou a súa condición de “altares” ou “aras de sacrificio”.

la alta meseta habitada por el descendiente del celta y en donde el altar druídico viene a hablarnos de nuestros antepasados.

(*Historia de Galicia*, pax. 197)

sería locura negar que hayan podido servir al celta gallego de piedras o aras de sacrificio. Largo tiempo ha que en la *Historia de Galicia* nos hemos ocupado de tan curiosos monolitos en el mismo sentido en que ahora lo hacemos; mucho también en que de acuerdo con aquellos arqueólogos que, sin vacilación ni temor les conceden un destino religioso, nos hemos inclinado del lado de la tradición que les conoce con el nombre de *altares* y siente hacia estos especiales monumentos un supersticioso respeto.

(*Galicia*, pax 72)

Destaca tamén como a da dobre condición de sepulcros e altares determinou que adquirisen un valor sagrado, que sobreviven nas supersticións dos campesiños.

La mayor parte de estas rocas tienen hoy a los ojos del campesino su virtud, su tradición, su historia. No le son indiferentes. Resto de su antigua importancia religiosa, se las halla formando parte de las leyendas de los santos más populares, de las creencias del campesino, de las supersticiones adheridas como para siempre al corazón de la muchedumbre. Piedras milagrosas las unas y de encanto las más, ya se las ve unidas al culto actual, ya recuerdan el pasado y muerto.

(*Galicia*, pax. 77)

No referente ao aspecto, é frecuente que na obra historiográfica murguiana aparezan caracterizados pola súa tosca factura e pola vexetación que os recobre:

bajo las toscas pedras de la mayoría de nuestros dólmenes.

(*Galicia*, pax. 94)

cubiertos con el musgo de los años, como dicen los bardos.

(*Historia de Galicia*, pax. 525)

Pois ben, como se verá máis adiante, todas estas caracterizacións e valores van estar

presentes na obra de Valle-Inclán cando estas “pedras célticas” aparezan formando parte dos escenarios da súa obra de ambientación galega, nunha acotación dramática ou nun texto narrativo.

Con todo, os “monumentos célticos”, non van ser os únicos elementos definidores do territorio galego, nin esa vai ser a única función que desempeñen nos textos valleinclanianos.

Cando, na “Introducción” ao volume *Galicia* (1888), Murguía valora as posibilidades literarias da paisaxe galega, máis ricas en matices que a mera descripción histórico-xeográfica, introduce, como formante da mesma, un novo elemento tipificador: “las ruinas del castillo feudal, o las del monasterio, como él representante de otros tiempos y como él abandonado”, dotados ambos, ao igual que os monumentos célticos,⁴⁷ dun forte poder evocador do pasado.

Describir por entero y bajo todos sus aspectos un tan dilatado país y tan lleno de accidentes, sería caer de propósito en la monotonía de la palabra. Más del dominio y ministerio de la poesía que de la historia, debe dejarse al poeta que ora cante nuestras noches, ora de a conocer los incomparables paisajes de que gozamos en cada momento y estación. Recréase el espíritu lo mismo allí donde verdea el maíz que en las llanuras en que los centenos se mueven y ondulan como mar amarillento; ora en aquellas encañadas en que el roble y el pino, el laurel y el naranjo sombrean y hacen agradables, como en la desierta meseta, en que pasta el caballo salvaje y se recortan en la larga línea del horizonte las aguas de los lagos y la silueta de los álamos que crecen en las solitarias orillas. ¿Cómo contar los misterios que engendran las nieblas de la montaña, las cuales descendiendo sobre la hondonada envuelven las co-

⁴⁷ “Piedras milagrosas las unas y de encanto las más, ya se las ve unidas al culto actual, ya recuerdan el pasado y muerto” (*Galicia*, pax. 77).

rrientes y apenas se dejan herir por los primeros rayos del sol? ¿Qué decir de esas agresivas soledades en que el desmedrado carnero despunta los floridos citizos (sic)⁴⁸ y busca goloso al pie de los juncales las aguas de la fuente oculta y las tiernas hierbas que el manantial cría y alimenta? ¿Qué, en fin, contar de la abrupta altura coronada por las ruinas del castillo feudal, o las del monasterio, como él representante de otros tiempos y como él abandonado?...

(“Introducción”, *Galicia*, pax. 11)

O 4 de novembro de 1891, Valle-Inclán publica en *El Globo* de Madrid un artigo titulado “Por la tierra saliniense. El castillo de Lobeira”, último dos tres que aparecen neste xornal baixo o epígrafe *Cartas Galicianas*.⁴⁹ Nestas *Cartas* lembra sucesivamente tres momentos da viaxe que no verán dese ano realizara en tren a Galicia: a parada, con pernocta, en Monforte de Lemos; a chegada á estación de Pontevedra e visita, en Marín, a Echegaray; e, por fin, os “tres días de ajetreo incesante por la tierra saliniense”,⁵⁰ dos que relata a fracasada xornada de caza no monte de Lobeira (Vilanova de Arousa) e o encontro coas ruinas do castelo.

Hablando como cazador, diré que aquel día lo fuera de desgracia: ni un pollo de perdiz había tumbado en toda la mañana: sin duda para resarcirme de esto, quiso la suerte depararme el encuentro de unas ruinas —que es siempre para mi el mejor de los encuen-

⁴⁸ citisos ou codesos.

⁴⁹ Valle-Inclán reside por este tempo en Madrid, cidade á se traslada a finais de 1890 e da que retorna a Galicia en xaneiro de 1892. Para Hormigón (2006, pax.123), o regreso se tería producido a mediados de outubro de 1891.

⁵⁰ Nos que probablemente se aloxou na casa familiar do Cantillo, todavía propiedade da familia. A súa nai vende esta casa en 1893, de modo que en futuras estancias en Vilanova de Arousa, Valle-Inclán utilizará como residencia a casa dos seus avós, O Cuadrante.

tros—. No entraré en investigaciones para decir si eran godas o romanas. Soy tan poco arqueólogo, que nunca en las piedras viejas acerté a ver un dato histórico, ni a leer una fecha; bástame con la impresión artística y si se quiere un poco *saudosa*. Para decirlo de una vez, lo que en unas ruinas me atrae y me interesa no son las hojas de acanto, ni los astrágalos, ni las volutas, sino las yedras y el polvo; el hálito de vejez. Para una imaginación algo enamorada de las cosas arcaicas y tradicionales, son el más grato solaz los fantaseos sobre cuatro piedras cubiertas de musgo, después de la lectura de una página carcomida de cualquier nobiliario.

(“Por la tierra saliniense.
El castillo de Lobeira”, pax. 1346)



El poeta D. Ramón del Valle, natural de La Puebla, padre del gran D. Ramón del Valle Inclán, a los cuarenta y seis años.

A continuación, refire de forma breve a historia deste castelo pero centra a atención do artigo no diálogo que ao descer do monte mantén cunha “moza aldeana”, á que antes lle preguntara se “había algún encanto en las ruinas del castillo” (pax. 1349). escoitando o relato da moza sobre o tesouro soterrado entre os montes Fuso e Cávado —ambos a carón do de Lobeira— e a princesa moura encantada que moraba nas ruinas do castelo, chegan á aldea⁵¹, onde “la moza entró en una casuca miserable, cuyas paredes cuarteadas estaban construídas con sillares del castillo” (pax. 1350). E remata o artigo cunha reflexión histórico-social: “¿Sabrían aquellos rústicos descendientes de los siervos de la gleba que realizaban una venganza?”.

É obvio que cando redacta estas líneas nas se declara “tan poco arqueólogo, que nunca en las piedras viejas acerté a ver un dato histórico, ni a leer una fecha”, Valle-Inclán ten ben presente o labor de exploración e datación arqueolóxica realizado polo seu pai e as disquisicións que sobre a forma e orixe constructiva das ruinas do castelo de Lobeira e dos “monumentos célticos”, mantiña, vía epistolar, con Murguía; e con eles se compara sen mencionalos.

Inclinado “mas del dominio y ministerio de la poesía que de la historia”, non amosa interés polos datos históricos e cronolóxicos que poden extraerse dos castelos en ruinas ou dos dolmens. Para “una imaginación algo enamorada de las cosas arcaicas y tradicionales” como a del, o realmente atractivo destes elementos arquitectónicos que definen o territorio galego son “las yedras y el polvo; el hálito de vejez”, “los fantaseos sobre cuatro piedras cubiertas de musgo”, ou o símbolo de decadencia e cambio histórico que representan as ruinas cuxas pedras son expoliadas polos campesiños.

⁵¹ A aldea non pode ser outra que Andrés, a 4 quilómetros de distancia da capital municipal, Vilanova de Arousa.

É, por tanto, o propio Valle-Inclán quen nos dá, neste texto periodístico de xuventude, as claves que explican a outra función que os vestixios arqueolóxicos van ter nos seus textos literarios: a evocación do tempo pasado e a creación dun ambiente arcaizante.

Dezaoito días despois da publicación do anterior artigo, Valle-Inclán publica, no mesmo xornal madrileño, un conto titulado “Una visita al convento de Gondarín”.⁵² No mesmo, os “paisajes de mi tierra” aparecen caracterizados por unhas ruinas medievais, neste caso as dun convento, acompañadas dun “monumento céltico”, un dolmen.

Después de los años que han pasado, la memoria que guardo de las ruinas del convento de Gondarín, aseméjase, por la vaga nebulosidad y melancólica saudade que la envuelve, a las tintas tenues y difuminadas que adquieren las lejanías en los paisajes de mi tierra. [...] Atrás, en la ribera del río, acababa de ver hacía un momento un dolmen caído y saqueado; ahora tenía delante las venerandas reliquias de un convento: el altar de los celtas de la antigüedad, y el de los nuevos; los dos abandonados y ruinosos; los dos sin sacerdotes y sin culto. Ya no poblaban aquellas soledades las sombrías y ascéticas figuras de los frailes que vestían el tosco sayal y hacían penitencia; ya no subían por la orilla del río al mediar la noche los vates druidas que, ceñidas las blancas vestiduras de lino, iban a celebrar los cruentos sacrificios sobre la tosca piedra de los dólmenes que el muérdago cubría. ¡Ídolos, ritos, sombras augustas, todo había pasado con los siglos! Sobre aquellas ruinas, tocadas de la inmensa soledad de las almas muertas y sin afectos, parecía vagar un espíritu sublime y misterioso que, protegiéndolas con sus alas, las hacía sagradas. ¡El tiempo! que les prestaba, con la majestad de las grandezas caídas, el romanesco prestigio de todo lo pasado. [...] Allí quedaba, como úni-

co recuerdo de un sacerdocio ya extinguido, la encina sagrada a la cual la superstición popular aún concede no sé qué hechiceras virtudes... (suliñado meu).

(“Una visita al convento de Gondarín”,
pax. 1338-1339)

A partir de ambos textos de xuventude é, por tanto, posible inferir as dúas significacións que adquieren os dolmens cando, en obras posteriores do autor, están presentes na descripción dalgún escenario, co nome xenérico de “pedras célticas”, ou os específicos “célticas mámoas” e “Arcas de Bradomín”:

a) Significación connotativa que remite ás ideas de arcaísmo e evocación dun tempo pasado, dotando —en palabras do autor— ao escenario dun “hábito de vejez”, do “romanesco prestigio de todo lo pasado”.

b) Significación denotativa, na que o autor vilanovés, para “que Galicia esté en presencia en la escena”,⁵³ segue a pauta marcada por Murguía: atribuíndolles orixe céltica, marca que se proxecta sobre o territorio no que se sitúan —espazo rural que sempre aparece asociado co mundo popular e campesiño— e reproducindo as características e significados que lles asigna a historiografía murguiana.

Deste modo, aparecen situadas en paraxes de montaña:

De aquel molinero viejo y silencioso que me sirvió de guía para visitar las piedras célticas del Monte Rouriz⁵⁴ guardo un recuerdo duro, frío y cortante como la nieve que coronaba la cumbre.

(“Un cabecilla” (1893),
Jardín Umbrío, pax. 241)

mesmo a carón das ruinas dun castelo:

⁵³ (Valle-Inclán, J. e J.: 1994, pax. 562).

⁵⁴ É aquí evidente o recordo da actividade exploradora de seu pai, Ramón del Valle Bermúdez.

⁵² “Una visita al convento de Gondarín”, *El Globo*, 22-IX-1891.

Alegres albores. Luengas brañas matinales en los montes de Lantaño: Sobre el roquedo la ruína de un castillo, y en el verde regazo, las Arcas de Bradomín. Acampa una tropa de chalanés, al abrigo de aquellas piedras insignes.

(*Cara de Plata* (1922), pax 273)

Trasponiendo las célticas lomas entre picas y gritos, cornea abravada una punta de vacas.

(*Cara de Plata* (1922), pax. 274)

presentan, de forma recurrente, unha cuberta vexetal:

No estaba la venta situada sobre el camino real, sino en mitad de un descampado donde sólo se erguían algunos pinos desmedrados y secos. El paraje de montaña... (...) “Sentada al abrigo de unas pedras célticas, doradas por líquenes milenarios, hilaba una pastora. [...] Tenía un hermoso nombre antiguo: Se llamaba Ádega.

(*Flor de Santidad* (1904), pax. 605- 606)

Sabelita está sentada a la sombra de unas piedras célticas doradas por líquenes milenarios...

(*Águila de Blasón* (1907) pax 431)

ou un aspecto tosco:

Sobre verdes prados el molino de Pedro Rey. Delante de la puerta una parra sostenida en poyos de piedra. Los juveniles pámpanos parecen adquirir nueva gracia en contraste con los brazos de la vid centenaria. Y sobre aquellas piedras de una tosquedad céltica, vuelan los gorriónes en bandadas...

(*Águila de Blasón* (1907), pax 365)

e están dotadas dun valor sagrado:

A la redonda, los caballos se esparcen mordiendo la yerba sagrada de las célticas mámoas...

(*Cara de Plata* (1907), pax. 273)

Sabelita está sentada a la sombra de unas piedras célticas doradas por líquenes milenarios. Desde el umbral de la casa se la divisa guardando una vaca, en lo alto de la colina druídica que tiene la forma de un seno de mujer.⁵⁵

(*Águila de Blasón*, (1907) pax 431)

(suliñados meus).

Por fin, seguindo a idea murguiana de que “bajo las toscas piedras de nuestros dólmenes y al abrigo de la tierra que los cubre descansa con preferencia la gente céltico-gallega” (*Galicia*, pax. 94-95), na Clave XXXIII, poema “Karma”, que dá fin ao itinerario vital seguido en “*El Pasajero*”, sitúa nun dolmen o seu propio sepulcro.

Quiero una casa edificar
Como el sentido de mi vida
Quiero en piedra mi alma dejar
Erigida.

(...)

Quiero hacer una casa estoica
Murada en piedra de Barbanza
La casa de Séneca, heroica
De templanza.

Y sea labrada de piedra;
Mi casa karma de mi clan,
Y un día decore la hiedra
SOBRE EL DOLMEN DE VALLE-INCLÁN.

(*El Pasajero*, pax. 1263-1264)

⁵⁵ É dicir, nunha mámoa.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALLEGUE, G. (2000a): “Historia de una casa”, *Cuadrante*, 0, Vilanova de Arousa.
- ALLEGUE, G. (2000b): “¿Quién fue Valle Bermúdez?”, *Cuadrante*, 1, Vilanova de Arousa.
- ALLEGUE, G. (2001): “Sobre los orígenes de Valle-Inclán”, *Apuntes do Cantillo*, Asociación Amigos de Valle-Inclán. Vilanova de Arousa.
- ALLEGUE, G. (2003): “De damas y frailes”, *Cuadrante*, 7, Vilanova de Arousa.
- ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA, V. (2000): “Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País”, *Grial*, tomo XXXVIII, nº147, pp. 408-410, Vigo.
- AXEITOS, X. L. (2001): “Don Ramón del Valle Bermúdez, home íntegro e liberal e pai dun xenial escritor”, *Cuadrante*, 2, Vilanova de Arousa.
- BARREIRO, L. (1890): *Esbozos y siluetas de un viaje por Galicia*. Andrés Martínez, Editor. Biblioteca Gallega. La Coruña.
- Congreso Agrícola Gallego de 1864. Actas, Discursos o sus extractos y demás documentos de que se dió cuenta en esa reunión memorable, o que con este objeto fueron remitidos a la Secretaría de la Comisión*. Publicados de orden de la Sociedad Económica de esta Ciudad por D. José Planellas y Giralt, Secretario que fué de dicho Congreso y de la Comisión preparatoria. Santiago: Imprenta de José Rodríguez Rubial, Riego de Agua núm. 5. 1865. (Reprod. facs., con limiar de Ramón Villares: Edición do Castro, Sada, A Coruña, 1994.).
- CHARLÍN PÉREZ, F. X. (2000): “Onomástica vilanovesa na obra de tema galego de Valle-Inclán”, *Cuadrante*, 0, Vilanova de Arousa.
- CHARLÍN PÉREZ, F.X. e MENÉNDEZ VILLALVA, Anselmo. (2000): “O Ferrocarril Compostelano e Ramón del Valle Bermúdez”, *Cuadrante*, 1, Vilanova de Arousa.
- CHARLÍN PÉREZ, F.X. (2007): Valle-Inclán e o discurso histórico murguiano II, *Cuadrante*, 14, Vilanova de Arousa.
- DURÁN, J. A. (Ed): *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica, 1853-1923*, Real Academia Galega. Fundación Caixa Galicia. J. A. Durán, Madrid-A Coruña.
- MAIZ, R. (1984): *O Rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos. Ed do Castro. Sada. A Coruña.
- MARTINÓN-TORRES, M. (2000): “Murguía e a arqueoloxía galega”, *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña.
- MURGUÍA, M. (1864): “Congreso Agrícola Gallego”, *El Museo Universal* (Madrid) 43, 23-X; 44, 30-X.
- MURGUÍA, M. (1865): *Historia de Galicia*, Tomo I, Imprenta de Soto Freire (Editor). Lugo.
- MURGUÍA, M. (1891): *Historia de Galicia*, Tomo IV, Librería de Eugenio Carré. A Coruña.
- MURGUÍA, M. (1885): *Galicia*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- NÚÑEZ SABARÍS, X. (2000): “Os textos de Ramón del Valle Bermúdez. Reseña e análise.”, *Cuadrante*, 1, (2000).
- SMITHER, W.J. (1986): *El mundo gallego de Valle-Inclán*, Ed.do Castro.Sada. A Coruña.
- VALLE-INCLÁN Y BERMÚDEZ, R e VALLE-INCLÁN Y PEÑA, R. (2000): *Cartas eruditas e literarias a Murguía*, Introducción e notas á correspondencia: Xaquín del Valle-Inclán Alsina e Alfonso Mato. Edición do Castro. Sada. A Coruña.
- VILA FARIÑA, X.L (2005): *Historia Municipal de Vilanova de Arousa (1835-1945)*, CD-R. Asociación Roi Vicente, Vilanova de Arousa.
- VILLARES, R. (1991): “La sociedad del Antiguo Régimen”, *Historia de Galicia*. Faro de Vigo.
- VILLARES, R. (2000): “A formación de Murguía como historiador”, *Grial*, tomo XXXVIII, nº 147, pax. 385-398, Vigo.



Casa - Museo
Ramón del Valle-Inclán

Rúa Luces de Bohemia
Vilanova de Arousa




CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA

 **FUNDACION CAIXA GALICIA**

 **CAIXA
GALICIA**

REPSOL
YPF





Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P

5 €